

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Bolsa de práctica laboral

CONVOCATORIA DE 13 BOLSAS DE PRÁCTICA LABORAL EN OFICINAS E PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2017.

Con fundamento no artigo 34.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o deputado delegado en materia de Recursos Humanos, por Resolución presidencial, de data 21 de abril de 2017, acorda aprobar a convocatoria de 13 bolsas para a realización de labores de información turística, entre outros, nas oficinas de turismo municipais da provincia de Pontevedra, que se rexerá segundo as seguintes

B A S E S

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, 13 bolsas de práctica laboral destinadas a persoas graduadas ou diplomadas en Turismo, técnicas ou técnicos superiores en Información e Comercialización Turísticas e técnicas ou técnicos superiores en Guía, Información e Asistencias Turísticas, coa finalidade de promover e completar a súa formación realizando labores de información turística, entre outros, desde o 15 de xuño ata o 14 de outubro de 2017, nas oficinas de turismo municipais da provincia de Pontevedra que se detallan a continuación:

Puntos de información turística	Núm. de bolsas
Caldas de Reis	1
Cambados	2
Cangas	1
Cuntis	1
Lalín	1
Mosteiro da Armenteira, Meis	1
O Grove	1
Ponte Caldelas	1
Sede de Turismo Rías Baixas, Pontevedra	1
Sanxenxo	1
Silleda	1
Castelo de Soutomaior	1



Segunda. Condicións das persoas aspirantes

Poderán beneficiarse destas bolsas as persoas físicas que, con plena capacidade de obrar e sen estaren inhabilitadas para obteren axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

- a. Ter a nacionalidade española ou dalgún dos países membros da Unión Europea
- b. Estar en posesión dunha titulación académica de grao ou de diplomatura en Turismo, de técnica ou técnico superior en Información e Comercialización Turísticas ou de técnica ou técnico superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas, ou estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes
- c. Non ter rematados os seus estudos antes do ano 2007
- d. Non ter ningunha incapacidade física nin padecer ningunha enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa
- e. Non beneficiarse con anterioridade dunha bolsa remunerada de duración superior a un ano na Deputación de Pontevedra nin nos seus extinguidos organismos autónomos
- f. Estar inscrita nalgunha oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego ou en mellora de emprego
- g. Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por tal non estar contratada polo grupo 1, 2 ou 3 de cotización por un período de tempo superior a 12 meses
- h. Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga IV (para titulacións universitarias) e Celga III (para ciclos superiores de formación profesional)
- i. Estar disposta a asumir os gastos de desprazamento ao centro de traballo de destino
- j. Non estar incurso nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)

Terceira. Dotación económica

A dotación económica das bolsas será de 800 euros ao mes para as persoas graduadas e diplomadas e de 700 euros ao mes para as técnicas ou técnicos superiores, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 17/433.4320.481.01 e 17/433.4320.160.03.



O pagamento das bolsas, por mensualidades completas ou por fraccións, realizarase a partir da incorporación das persoas beneficiarias e será proporcional ao tempo que dure o contrato para os casos nos que se inicie ou finalice a súa relación nunha data que non coincida co mes natural. Esta cantidade será incompatible con calquera outra remuneración ou axuda por parte das administracións públicas ou entidades privadas a partir do momento en que sexa concedida.

Cuarta. Presentación de solicitudes

As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse da seguinte forma:

1. En primeiro lugar será necesario realizar unha preinscripción a través da páxina www.depo.es, do seguinte xeito:

- Cubrir os datos solicitados na páxina web, correspondentes ao modelo oficial de solicitude anexo I, e premer o botón enviar
- Descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola páxina web tras o envío. Este xustificante incluírá un código único de preinscripción

2. A continuación deberase presentar o xustificante electrónico xerado durante o proceso de preinscripción, debidamente asinado, dentro do prazo establecido, no Rexistro xeral da Deputación en Pontevedra (avda. Montero Ríos, s/n, de luns a sábado), no da súa sede de Vigo (rúa Oporto, 3, de luns a venres) ou a través dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionariado correspondente antes de ser certificadas, xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou de calquera outro que o substitúa

b) Documento acreditativo da titulación académica esixida ou de estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo para presentar as solicitudes

c) Certificado do expediente académico no que conste a nota media, calculada segundo o sistema establecido no R. d. 1125/03, de 5 de setembro, para a súa valoración na fase de concurso ou o que corresponda para os ciclos formativos segundo o previsto no R. d. 1147/2001, de 29 de xullo

d) Certificado acreditativo do nivel correspondente de coñecemento da lingua galega



- e) Fotocopia da tarxeta de demanda de emprego ou de mellora de emprego actualizada
- f) Certificado de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado, con data posterior ao día da publicación desta convocatoria (entregar todas as páxinas)
- g) Volante de empadramento actualizado, con data posterior á publicación desta convocatoria, no caso de estar empadrado nalgún concello da provincia de Pontevedra, para a súa valoración na fase de concurso

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Para presentar as instancias as persoas solicitantes estarán ao dispostas no artigo 23, apartados 3, 4 e 5 da LXS en todo o que sexa de aplicación, ademais do recollido no apartado primeiro desta cláusula.

Quinta. Emendas

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias o organismo provincial ditará unha resolución na que declare aprobada a lista de admisión e exclusión, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que será publicada na web www.depo.es.

As persoas excluídas ou omitidas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. De producírense reclamacións deberá ditarse unha nova resolución que as estime ou desestime e aprobe a lista definitiva, que se publicará en www.depo.es.

Dentro deste prazo poderán emendar os defectos formais da documentación acreditativa dos méritos alegados na presentación de instancias.

Sexta. Comisión de selección

Para a selección das e dos bolseiros constituirase unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidencia: a persoa que exerza a xefatura do servizo ou centro ou un membro do funcionariado en quen delegue
- Vogalía: dous membros do persoal técnico da Deputación e un da universidade ou centro de formación profesional.
- Secretaría: o secretario da Deputación ou un membro do funcionariado de carreira con titulación superior en quen delegue



Sétima. Selección das persoas bolseiras

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira, de concurso e valoración da documentación presentada polas persoas admitidas, e a segunda, de realización dunha proba tipo test sobre o contido do programa.

1. Primeira fase: baremo de méritos. Os méritos acreditados polas persoas interesadas valoraranse conforme aos seguintes criterios:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos. No caso de expedientes académicos nos que non conste a nota media, calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/03 e para os ciclos de formación profesional segundo o establecido no R. d. 1147/2011, de 29 de xullo, valorarase con 0,00 puntos. No caso de que algunha das titulacións convocadas non estea calculada polas referidas normas ou estas non se especifiquen poderase establecer un sistema de valoración proporcional

b) Por posuír outra titulación académica de nivel igual ou superior ao esixido nas bases da convocatoria: 0,50 por título, ata un máximo de 1 punto

c) Por transcorrer catro ou máis anos desde a finalización dos estudos: 1 punto

d) Por transcorrer entre tres e catro anos desde a finalización dos estudos: 0,90 puntos

e) Por transcorrer entre dous e tres anos desde a finalización dos estudos: 0,80 puntos

f) Por transcorrer menos de dous anos desde a finalización dos estudos: 0,70 puntos

g) Por estar empadroada/o en calquera municipio da provincia de Pontevedra: 2,00 puntos

As puntuacións outorgadas publicaranse en www.depo.es.

2. Segunda fase: proba tipo test, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 20 preguntas, con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes á seguinte materia, nun tempo máximo de 20 minutos:

— Coñecemento dos recursos turísticos da provincia de Pontevedra

Esta proba valorarase de 0,00 a 2,00 puntos.

A data e a hora na que deberá constituírse o tribunal, ademais do día e a hora para a realización desta proba, determinaraos o deputado delegado de Persoal mediante unha resolución, xunto coa aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e a composición do tribunal, que se publicará mediante un anuncio en www.depo.es.



As persoas aspirantes serán convocadas para esta proba nun único chamamento, quedando decaídas no seu dereito as que non comparezan a realizala, agás nos casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal. Deberán presentarse para realizaren esta proba provistas do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

Na realización e corrección desta proba garantirase o anonimato, para o que o tribunal poderá empregar os medios que considere oportunos.

A puntuación obtida polas persoas aspirantes na proba tipo test sumarase á que corresponda á valoración de méritos, co que se acadará a puntuación final.

En www.depo.es publicaranse as puntuacións outorgadas, xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente, indicando as candidatas ou candidatos seleccionados e os correspondentes suplentes.

As persoas aspirantes seleccionadas, por orde de maior a menor puntuación, deberán elixir o centro de destino no que desenvolverán as prácticas.

En caso de empate nas puntuacións a orde de prelación para a elección da bolsa determinarase pola menor distancia entre o lugar de residencia da persoa aspirante e o centro de traballo e, en segundo lugar, pola puntuación acadada no ano de terminación dos estudos.

Oitava. Adxudicación das bolsas

O Servizo de Recursos Humanos e Formación, á vista das actas da Comisión seleccionadora e da elección realizada polas persoas bolseiras, formularalle a proposta de adxudicación das bolsas convocadas ao órgano competente para a resolución do procedemento, especificando titulares e suplentes para os casos de renuncia, incumprimento de obrigas, incapacidade sobrevida ou calquera outra causa que implique a perda da condición de bolseira ou bolseiro.

A resolución, que porá fin á vía administrativa, publicarase en www.depo.es, con expresión da identidade da bolseira ou bolseiro, o centro de destino, a contía das bolsas, a duración e a data de efectos.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición, de conformidade co previsto nos artigos 112, 123 e 124 da LPACAP ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da Resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Novena. Condicións xerais

A duración da xornada laboral será de 37,5 horas semanais. Tendo en conta que a través destas bolsas a intención da institución provincial é promover e completar a formación, dotando as persoas tituladas de experiencia no sector, as beneficiarias e beneficiarios poderán gozar dun permiso de dous días hábiles de descanso por mes, que se gozarán de forma independente por meses ou ao final do período.

As bolsas serán incompatibles con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza, excepto as indemnizacións por razón do servizo, que deberá sufragar a entidade.

As persoas beneficiarias comprometeranse a observar o horario de traballo e a disciplina imposta polo Servizo de Turismo Rías Baixas, tendo en conta as necesidades do lugar de localización dentro da rede de oficinas de Turismo Rías Baixas na provincia de Pontevedra.

O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral nin funcional coa Deputación nin coa entidade na que se desenvolvan as actividades da práctica laboral, polo que non implica, en consecuencia, ningún tipo de compromiso para un posterior contrato ou vinculación con este organismo provincial.

O pagamento do importe da bolsa realizarase por mensualidades vencidas. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co previsto no R. d. 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, así como na orde pola que se desenvolven as normas reguladoras da cotización á Seguridade Social para o ano 2017.

Décima. Xustificación da bolsa

Antes de que transcorran os últimos quince días do período de duración da bolsa o beneficiario ou beneficiaria ten a obriga de presentar unha memoria sobre o conxunto dos traballos realizados, especificando os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados.

Décimo primeira. Revogación e reintegro da bolsa

A presidenta da institución provincial poderá, en calquera momento e mediante unha resolución motivada, revogar a bolsa á persoa adxudicataria se non cumpre debidamente as condicións esixidas nestas bases ou as normas xerais de funcionamento do organismo, aténdose ao establecido nos artigos 36 e seguintes da LXS e suspendendo o aboamento da bolsa.



De concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da LXS corresponderá o reintegro total cando a persoa beneficiaria incumpra total e absolutamente as condicións impostas para a concesión e execución da bolsa.

Décimo segunda. Suspensión

En caso de enfermidade ou accidente a persoa bolseira percibirá a prestación correspondente da Seguridade Social. Nese caso a Deputación non complementará ningunha cantidade adicional á citada prestación.

Esta situación non ocasionará a finalización das prácticas, salvo que a ausencia exceda os trinta días nos casos de enfermidade ou accidente e as seis semanas no caso de maternidade. No suposto de que se supere este prazo o organismo provincial poderá dar por concluída a práctica laboral.

Décimo terceira. Renuncia

En caso de renuncia á bolsa a persoa adxudicataria deberá presentar no Rexistro xeral do organismo provincial a correspondente solicitude dirixida ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, que, se procede, tramitará un novo expediente de adxudicación da bolsa vacante á candidatura suplente polo período restante, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección.

Décimo cuarta. Obrigas e dereitos da persoa bolseira

As súas obrigas son as seguintes:

1. Incorporarse á entidade na data sinalada
2. Respetar, en todo momento, a normativa da entidade, seguindo as instrucións que lle sexan dadas, e cumprir o programa formativo
3. Desenvolver unha actitude favorable e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento
4. Observar e cumprir o horario das prácticas co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro
5. Cumprir as medidas de prevención que, en cada caso, se deban adoptar, pola súa propia seguridade e saúde e pola daquelas outras persoas ás que poida afectar a súa actividade a causa dos seus actos ou omisións
6. Usar adecuadamente as máquinas, aparatos, ferramentas, substancias perigosas etc. que utilice no seu proxecto, de acordo coas instrucións do fabricante ou responsable das prácticas



7. Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola entidade, de acordo coas instrucións recibidas
8. Gardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre as informacións que poida chegar a coñecer en relación coa actividade que desenvolva
9. Asistir ás accións formativas relacionadas coas súas prácticas que organice a Deputación dentro da xornada laboral
10. Achegar estatísticas fiables sobre o perfil das persoas turistas que acoden aos puntos de información, seguindo as directrices do Servizo de Turismo Rías Baixas
11. Empregar o uniforme facilitado polo Servizo de Turismo Rías Baixas, como imaxe do destino
12. En caso de enfermidade ou accidente a persoa bolseira deberá comunicarlle a súa situación á institución provincial, presentando o oportuno parte médico xustificativo
13. En caso de renuncia a persoa bolseira está obrigada a comunicarllelo á entidade na que realiza as prácticas e ao Servizo de Recursos Humanos e Formación do organismo provincial con sete días hábiles de antelación
14. Achegarlle á Deputación unha copia da vida laboral actualizada transcorridos tres meses desde a finalización das prácticas

Son dereitos das persoas bolseiras os seguintes:

1. Recibir información sobre a forma de proceder en caso de emerxencia, primeiros auxilios ou evacuación
2. Recibir formación en materia preventiva e sobre as instalacións nas que se desenvolven as prácticas
3. Dispor do permiso necesario para a realización de exames de carácter oficial, achegando a correspondente xustificación
4. Dispor dun permiso de dous días hábiles de descanso por mes de prácticas, que se poderán solicitar de forma independente por meses ou ao final do período

Décimo quinta. Responsabilidades

As beneficiarias e os beneficiarios destas bolsas estarán sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, se establecen do artigo 52 ao 69 da LXS.



Décimo sexta. Devolución da documentación

Transcorridos tres meses desde o final do proceso selectivo a documentación presentada, excepto a instancia, destruírase, polo que se lles recomenda ás persoas interesadas que a retiren no referido prazo.

Décimo sétima. Dereitos supletorios

A convocatoria, a selección das persoas candidatas e a realización dos traballos que dan dereito ás bolsas suxeitaranse ao previsto nestas bases, na LXS e na LPACAP.

Pontevedra, 21 de abril de 2017.—O deputado delegado.—O secretario.

